

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE REPARACIÓN E ASFALTADO EN SOBRE DA IGREXA- GUISAMO, MESOIRO E A LAGOA, INCLUÍDA NO AGADER 2018-2019

Exp. 2018/C003/0000001

Visto o proxecto de obra de *PROXECTO DE REPARACIÓN E ASFALTADO A BASE DE AGLOMERADO ASFÁLTICO DOS CAMIÑOS: INTERSECCIÓN DO CAMINO SOBRE DA IGREXAA PETEIRO, PARROQUIA DE GUISAMO, E INTERSECCIÓN DO CAMIÑO DE ALAGOA Nº 14 A LAGOA Nº 60, PARROQUIA DE OUCES E INTERSECCIÓN DA ESTRADA MESOIRO-SADA CO CAMIÑO DE GANDARÍO A OUCES, PARROQUIA DE OUCES*, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Pedro Zapata Roel, colexiado nº 708, en xaneiro de 2018, cun presuposto de execución por contrata de 51.969,04 euros, IVE incluído, proxecto financiado con fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural, ao abeiro da Convocatoria para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao *Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019* da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 10 do 15.01.2018).

Vista a necesidade de acometer a citada obra, xa que o servizo pavimentación das vías públicas atópase entre os servizos obrigatorios que debe prestar o concello ao abeiro do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*, o que xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido nos artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 10, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto técnico municipal en abril de 2018, toda vez que, na actualidade, o viario a reparar presenta importantes deficiencias no seu firme, o que dificulta o tránsito peonil e vehicular co conseguinte menoscabo da seguridade viaria, polo que prevese o acondicionamento das vías procedendo ao seu asfaltado e a reparación e acondicionamento dos elementos vencellados a elas.

Tendo en conta a Resolución de AGADER do 15.12.2017, de concesión de axuda por importe de 36.709,00 euros, para a execución do citado proxecto, incluído no *Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019*, notificada a este concello que establece que **“a) As obras incluídas neste Plan deberán ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos a contar desde a data de pagamento final da axuda, sendo de conta do concello os custos necesarios para a súa conservación. O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor da execución das obras, nos termos previstos na LCSP.”**; e considerando o disposto no informe do proxecto emitido polo arquitecto técnico municipal, en xullo de 2017, no que se establece que **“se recomenda que as empresas que concorran á licitación sexan especialistas en obras de pavimentación mediante aglomeradoasfáltico e que contén com maquinaria e medios propios para a execución das obras”**, indicándose, así mesmo, como clasificación indicativa a seguinte: **Grupo G; Subgrupo 4; Categoría 1**, o que xustifica a esixencia de solvencia no prego.

Visto que o contrato deste investimento non se dividirá en lotes e adxudicarase como unha unidade contractual, o que se xustifica, consonte co esixido no artigo 99.3 da LCSP, en base aos motivos que deseguido se detallan:

- O proxecto desta obra foi redactado de acordo coas Bases reguladoras do AGADER publicadas antes da entrada en vigor da nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, e co entón vixente Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de

novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que non preveían a división en lotes.

- Segundo o informe emitido polo redactor do proxecto 24.07.2018: *"La cercanía de los caminos incluidos en el citado proyecto y el que técnicamente la división en lotes del proyecto, dificultará la ejecución y calidad de la misma, asimismo, dicha división, supondría una imposible coordinación de las obras debido a la poca entidad de los lotes resultantes.*

Asimismo el presupuesto del proyecto de un importe con IVA 51.696 euros, no recomienda su desglose ya que supondría la no presentación de ofertas de la inmensa mayoría de los contratistas del sector debido al coste de desplazamiento de la maquinaria específica del asfaltado."

-Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais. A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación.

- A dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución do investimento.

Considerando que a competencia para contratar corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional segunda da LCSP, se ben a teño delegada na xunta de goberno local, mediante resolución desta alcaldía núm. 693/2015, do 02.07.2015, (BOP núm. 132 do 15.07.2015); unha vez examinado o expediente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obra: *PROXECTO DE REPARACIÓN E ASFALTADO A BASE DE AGLOMERADO ASFÁLTICO DOS CAMIÑOS: INTERSECCIÓN DO CAMINO SOBRE DA IGREXAA PETEIRO, PARROQUIA DE GUISAMO, E INTERSECCIÓN DO CAMIÑO DE ALAGOA Nº 14 A LAGOA Nº 60, PARROQUIA DE OUCES E INTERSECCIÓN DA ESTRADA MESOIRO-SADA CO CAMIÑO DE GANDARÍO A OUCES, PARROQUIA DE OUCES*, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Pedro Zapata Roel, colexiado nº 708, en xaneiro de 2018, cun presuposto de execución por contrata de 51.969,04 euros, IVE incluído, proxecto financiado con fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural, ao abeiro da Convocatoria para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao *Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019* da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 10 do 15.01.2018).

SEGUNDO. Incoar o expediente ordinario de contratación da citada obra , Exp. 2018/C003/000001, proponendo o procedemento aberto supersimplificado, mediante la aplicación de fórmulas, segundo o artigo 159.6 da LCSP.

TERCEIRO.- Redáctense os Pregos de cláusulas administrativas parciales; incorpórese ao expediente acta de replanteo previo da obra de referencia; informe de intervención de existencia de crédito e fiscalización previa; informe da secretaría do concello. Evacuados que sexan estes trámites, dease conta á Xunta de Goberno local, para a súa aprobación se procede.

A presente resolución publicarase no perfil do contratante do Concello de Bergondo, consonte co esixido no artigo 63.3 da LCSP.

En Bergondo, na data que figura na marxe.

A alcaldesa

Dou fe; a secretaria

Alejandra Pérez Máquez

Ana M^a Cacharrón Castelos